

A Tese sobre os montes en man común da investigadora de HISTAGRA **Araceli Freire Cedeira** gaña a primeira edición do Premio Jesús García Calvo



Co obxecto de contribuír ao mellor coñecemento e ao desenvolvemento do medio rural e do cooperativismo en Galicia, o Instituto de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC e a Fundación Feiraco convocaron o Premio Jesús García Calvo de investigación en desenvolvemento rural e cooperativismo, que acaba de resolver a súa primeira edición.

O traballo *Conflitividade social no medio rural galego (1939-1975): O caso dos montes veciñais en man común*, do membro de HISTAGRA Araceli Freire Cedeira, fíxose co premio na modalidade de textos publicados en revistas científicas ou editoriais recoñecidas.

O xurado destacou del o carácter interdisciplinar da metodoloxía empregada así como a relevancia do obxecto de estudo, como son as relacións sociais articuladas arredor dos espazos comúns do monte.

Ligazóns de interese:

<http://histagra.usc.es/gl/nova/1c916a778c79/>

<http://histagra.usc.es/gl/persoa/araceli-freire/>

Máis información:

Grupo de Investigación HISTAGRA
Departamento de Historia Contemporánea e América
Facultade de Xeografía e Historia
Praza da Universidade, 1. 15782 Santiago de Compostela
histagra@usc.es; 881812734

Patrocina:

